

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a providencia de data 11.10.2016 de inicio do expediente de contratación de referencia C/817/2016 para o alleamento mediante procedemento aberto por poxa de varias parcelas a segregar da parcela matriz 2 da modificación puntual do PXOM no antigo Mercado de Gandos - A Cañiza.

Visto que se incorporaron ao expediente da súa razón a documentación técnica e os pregos de cláusulas administrativas particulares –que segundo reiterada xurisprudencia constitúe a auténtica lei do contrato-, o informe de Secretaría e o certificado de existencia de crédito asinado pola Intervención municipal.

Visto o acordo deste órgano de data 03.07.2017, de aprobación do expediente de contratación, que se transcribe na súa literalidade na parte resolutiva:

*PRIMEIRO: Declarar válida a presente licitación.*

*SEGUNDO: Aprobar o expediente de contratación para o alleamento mediante procedemento aberto por poxa de varias parcelas a segregar da parcela matriz 2 da modificación puntual do PXOM cunha superficie de 4.593 m2, e unha parcela a segregar da Parcela matriz 3, que ten unha superficie total de 2.217 m2, incluído o Prego de cláusulas administrativas particulares que como Lei fundamental rexerá nesta contratación, decretando como forma a adxudicación a poxa pública, tal e como consta na documentación preparatoria.*

*TERCEIRO: Aprobar a taxación efectuada polo Técnico municipal na data 29.05.2017, na que se valora a totalidade das parcelas a segregar nun prezo de cento seis mil oitocentos trinta e sete euros con sesenta e sete centimos (106.837,67 €), IVE excluído.*

*CUARTO: Que, en cumprimento da normativa aplicable, se publique anuncio de licitación no BOP, no DOG e no perfil do contratante desta Administración*

No estado da tramitación, publicáronse anuncios de licitación no perfil do contratante desta administración, no BOP nº 154 de data 11.08.2017, e no DOG nº 207 de data 29.10.2013.

A Mesa de Contratación prevista no PCAP, en reunións celebradas nas datas 20.09.2017 e 28.09.2017 adoptou o acordo que se transcribe en extracto:

*Visto o contido do Prego de cláusulas administrativas particulares que, como lei fundamental do contrato, rexe nesta contratación, procédese a dar lectura pública ás puntuacións que se outorgaron no Acto de apertura dos Sobres B, co seguinte resultado:*

### PARCELA B.01

- D. JOSE ANTONIO ALEJOS BRIGAL – 48.406,88 €
- TRANSPORTES HIJOS DE LEONOR SL – 45.980,00 €

### PARCELA B.02

- D. RUBEN GIL GOMEZ – 17.545,00 €

Visto o anterior, a MESA DE CONTRATACIÓN ACORDA POR UNANIMIDADE ELEVAR PROPOSTA AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN PARA A ADJUDICACIÓN da contratación





mediante procedemento aberto por poxa de varias parcelas a segregar da parcela matriz 2 da modificación puntual do PXOM no antigo Mercado de Gandos, por presentar a oferta economicamente máis ventaxosa e que acadou maior puntuación de acordo cos criterios establecidos no PCAP.

PARCELA B.01

- D. JOSE ANTONIO ALEJOS BRIGAL – 48.406,88 €

PARCELA B.02

- D. RUBEN GIL GOMEZ – 17.545,00 €

Visto todo o anterior, o órgano de contratación, vistas as competencias que lle veñen atribuídas pola DA 2ª do RD Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa concordante **RESOLVE**:

**PRIMEIRO:** Declarar válida a presente licitación, clasificando como ofertas economicamente máis ventaxosa ás presentada por.

PARCELA B.01

- D. JOSE ANTONIO ALEJOS BRIGAL – 48.406,88 €

PARCELA B.02

- D. RUBEN GIL GOMEZ – 17.545,00 €

**SEGUNDO:** Requerir aos licitadores que presentaron a oferta economicamente máis ventaxosa para que no prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do requerimento, presente a documentación xustificativa a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP –certificados de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias ante a AEAT, coa Comunidade Autónoma, co concello de A Cañiza, coa TXSS.

**TERCEIRO:** Notifíquese o presente requerimento aos interesados.

-----  
Documento asinado electronicamente (art. 19 da Lei 11/2007) por **MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO**, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, **JACOBO BARREIRO PIMENTEL**, Secretario xeral do Concello. A Cañiza